

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Relixión Evanxélica 1º ESO

Curso: 2023/2024

CÓDIGO DO CENTRO: 15032807

IES DO MILLADOIRO

Enderezo		C.P.
		15895
Localidade	Concello	Provincia
O Milladoiro	Ames	A Coruña
Tlno.	Fax	Correo electrónico
881867863		ies.milladoiro@edu.xunta.gal
Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro	

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución do currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23

1. Introducción

A través da Ensinanza Relixiosa Evanxélica, na Educación Secundaria Obrigatoria, preténdese ofrecer os alumnos e alumnas aqueles elementos que, baseados nos principios bíblicos, poidan axudarlles no seu desenrolo integral como persoas co propósito de adquirir unha madurez axeitada, autonomía e responsabilidade persoal.

Considerando a persoa coma un ser integral no que subsisten diferentes dimensións (biolóxica, psicolóxica, social e espiritual), faise necesaria unha formación que teña en conta todas elas. Nunha sociedade cada vez máis plural como a nosa cabe esperar a coexistencia de diversos criterios de pensamento e acción, nun clima de liberdade e diálogo. É por isto que, considerando as características dos alumnos desta etapa, a Ensinanza Relixiosa Evanxélica pretende ofrecer unha formación integral facendo fincapé na dimensión espiritual.

No IES do Milladoiro, o presente curso e o segundo ano que conta con Ensinanza Relixiosa Evanxélica e atópase cun proceso de implantación que goza dunha situación de normalidade que estimamos altamente positiva. Esta situación vese reflectida dende o momento no que un alumno ou alumna fai a súa matrícula no Centro, xa que á hora de escoller entre as diferentes opcións, atopamos a opción de Ensinanza Relixiosa Evanxélica en consonancia co que establece a lexislación vixente.

Sen dúbida, os centros educativos deben ser un reflexo da pluralidade cultural na que se atopan. Este centro -e cada vez máis na nosa comunidade- dan un paso máis cara a interculturalidade, no momento no que non só se recoñecen diferentes culturas, senón que tamén se fomenta a interacción cultural a todos os niveis. O feito de que a Ensinanza Evanxélica sexa unha opción máis, deixa a un lado toda susceptibilidade no que se refire ó feito relixioso diferencial no que cohabitan os cidadáns galegos dende hai case 150 anos.

Neste curso 2023-2024, este departamento desenvolverá a súa actividade formativa co alumnado de 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º da ESO e 2º de Bacharelato. Nesta programación reflectimos os cursos de 1º da ESO segundo o modelo LOMLOE.

Finalmente, como destacaremos máis polo miúdo no apartado de metodoloxía, queremos sinalar que dependendo dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas en cada nivel, e baseándonos nos principios constructivistas verbo da educación, partiremos dos seus coñecementos para construír os novos. Tamén aplicaremos na nosa intervención educativa principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA)

2. Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Relixión evanxélica

Obxectivos da área	Competencias Clave (descriptorios operativos)							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir as principais ensinanzas bíblicas, aplicando diversos métodos de estudo, co obxectivo de elaborar conclusións persoais sobre a veracidade e relevancia de ditas ensinanzas.	1-2-3	1	1	1	1-4	1		
OBX2 - Coñecer os principais feitos acontecidos na historia do pobo de Israel e as súas implicacións no plan salvífico de Deus.	2			1		1		
OBX3 - Identificar a persoa de Xesús coma a máxima expresión da acción salvífica de Deus que demanda unha resposta de cada ser humano.	5	1			1			
OBX4 - Coñecer as ensinanzas e obras de Xesús de Nazaret, valorando a influencia que tiveron nas persoas que se relacionaron con el.	2-4					1-2		
OBX5 - Recoñecer e identificar os principais datos, feitos históricos e as súas consecuencias no devir do pobo cristián dende as súas orixes ata a Reforma relixiosa do século XVI.	1-2		2	1		1		
OBX6 - Descubrir e valorar nas vidas transformadas de certos personaxes do Novo Testamento e na nova relación persoal que experimentan con Deus, qué	2-5				1-4			

significa ser cristián.								
OBX7 - Apreciar a familia como parte importante do plan de Deus para o desenrolo integral de cada ser humano, tomando conciencia do seu papel dentro dela.	5				1	1		
OBX8 - Desenrolar un espírito sensible, solidario e comprometido ante o humano.	5	3	5	1	1-2-3	2-3	1	
OBX9 - Apreciar a creatividade artística do ser humano coma manifestación da súa semellanza coa capacidade creadora de Deus.	2				1			1-3
OBX10 - Valorar a diversidade cultural manifestando actitudes de tolerancia e respecto por outras culturas, sen renunciar a un xuízo crítico sobre as mesmas dende unha perspectiva bíblica.	5	3		1	1-3-4	1-2-3		
OBX11 - Contrastar os valores éticos cristiáns cos valores predominantes na sociedade actual.	5	3	5	1-4-5	1-2 3-4	2-3		

Lenda: CCL: Competencia en comunicación lingüística; CP: Competencia plurilingüe; STEM: Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría; CD: Competencia dixital; CPSAA: Competencia persoal, social e de aprender a aprender; CC: Competencia cidadá; CE: Competencia emprendedora; CCEC: Competencia en conciencia e expresións culturais.

3.1. Relación de unidades didácticas

1º ESO

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim,	2º trim.	3º trim.
1	A Biblia e o seu estudo	A Biblia é fundamental para coñecer a nosa cultura europea. Nesta situación de aprendizaxe coñecerán a composición da Biblia e conceptos básicos da hermenéutica de textos bíblicos: canon, revelación, inspiración e propósito.	17	6	X		
2	A historia da salvación: de Adán a Xesús Cristo	O coñecemento do Antigo Testamento é fundamental para comprender o Novo. Nesta situación de aprendizaxe farán un percorrido cronolóxico polo Antigo Testamento dende os inicios ata Xosé adentrándose en determinados textos.	17	6	X		
3	Vida e ministerio de Xesús	Xesús é a persoa central da cultura de occidente. A súa vida agocha verdades fundamentais para a vida. Nesta situación de aprendizaxe analizarán as súas relacións con outros nos evanxelios.	17	6		X	
4	Historia do cristianismo: dende as súas orixes ata a Reforma do século XVI	É fundamental coñecer a historia da Igrexa para non repetir os mesmos erros do pasado e aprender dos acertos. Nesta situación de aprendizaxe examinarán os inicios da Igrexa.	17	6		X	
		No Novo Testamento temos as bases da					

3.2. Distribución do currículo nas unidades didácticas.

Relixión evanxélica (1º ESO)

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
1	A Biblia e o seu estudo	6

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1 - Coñecer a estrutura do Antigo e Novo Testamento.	PE	Coñece a estrutura básica do Antigo e o Novo Testamento e identifica os libros que a compoñen.	40
CA1.2. - Extraer e elaborar información relacionada coa inspiración, revelación, canon e propósito da Palabra de Deus.	TI	Busca, selecciona e interpreta información sobre a inspiración, revelación e canon da Biblia, a partires da utilización de diversas fontes.	20
CA1.1 - Identificar os autores por libro e ser capaz de resumir brevemente a historia bíblica.	PE	Localiza os libros da Biblia con axilidade e manexa a Biblia con autonomía.	20
CA1.3 - Identificar, analizar e valorar diversos textos bíblicos que presentan a Biblia como medio polo que Deus revélase e fala ao ser humano.	TI	Extrae ensinanzas do texto bíblico e aplicaas á vida cotidiá.	20

Lenda: PE Proba Escrita, TI: Táboa de indicadores.

Contidos

Contidos
C1.1. - A composición do Antigo Testamento. Resumen esquemático e canon.
C1.2. - A composición do Novo Testamento. Resumen esquemático e canon.
C1.3.4. - O concepto de revelación e de inspiración e propósito da Biblia.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
2	A historia da salvación: de Adán a Xesús Cristo	6

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1. - Investigar os principais sucesos na historia bíblica dende Adán ata Xosé elaborando a información recollida.	TI	Identifica os personaxes bíblicos clave en esta etapa ordenándoos cronolóxicamente entendendo a importancia da súa contribución á historia da salvación.	40
CA1.2. - Analizar as implicacións que teñen os principais feitos da historia antiga do pobo de Israel no plan de Deus para a salvación da humanidade.	TI	Analiza as implicacións que teñen os feitos principais do inicio da historia do pobo de Israel no plan de salvación de Deus asociándoos coas súas causas.	60

Lenda: PE Proba Escrita, TI: Táboa de indicadores.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
3	Vida e ministerio de Xesús	6

Cráterios de avaliación

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1. - Identificar e ordear cronolóxicamente as etapas de nacemento, crecemento e primeiros anos do ministerio de Xesús que relatan los evanxelios.	TI	Identifica e ordena cronolóxicamente as etapas da vida de Xesús.	20
CA1.2. -Obter e analizar información relevante sobre a etapa inicial de ministerio de Xesús, utilizando a Biblia como fonte.	PE	Busca, selecciona e organiza información relevante sobre a etapa inicial do ministerio de Xesús, analízaa, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunica oralmente ou por escrito.	20
CA1.3. -Explicar a figura de Xesús, analizando a súa divinidad e humanidade, así como o seu exemplo de vida.	PE	Relaciona e distingue a divinidad e humanidade de Xesús analizando diversos textos bíblicos.	30
CA1.4. - Valorar as boas novas de salvación analizando textos bíblicos.	TI	Valora, partindo da análise de diversos textos bíblicos, as boas novas da salvación encarnadas en Xesús, resumindo as súas conclusións persoais.	30

Lenda: PE Proba Escrita, TI: Táboa de indicadores.

Contidos

Contidos
C1.1. - Vida de Xesús: Nacemento e infancia.
C1.2. - Vida de Xesús: Desenvolvemento da súa labor ministerial.
C1.3. - Xesús: Deus e home.
C1.3. - Xesús: Exemplo de vida.
C1.4. -Xesús: Boas novas de salvación.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
4	Historia do cristianismo: dende as súas orixes ata a Reforma do século XVI	6

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1 - . Obter información concreta e relevante sobre as orixes da Igrexa, utilizando diferentes fontes.	TI	Utiliza a súa iniciativa persoal para deseñar e elaborar, con medios informáticos, esquemas explicando cómo se viu afectada polo cristianismo a sociedade antiga e actual.	30
C1.2. - Identificar e situar cronolóxica e xeográficamente os principais feitos históricos no devir do pobo cristiá no período neotestamentario, analizando as consecuencias sociais e históricas dos mesmos.	TI	Realiza traballos individuais e grupais de investigación sobre a orixe e extensión da Igrexa no libro dos Feitos dos Apóstolos.	30
C1.3. - Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e aprender e expresar contidos sobre a historia do cristianismo primitivo.	PE	Explica e valora accións que reflicten a conduta dos primeiros cristiáns.	20
C1.4. - Participar en diálogos e debates sobre os cambios producidos polo cristianismo nos distintos ámbitos da sociedade antiga e actual.	PE	Amosa tolerancia, respecto e valoración crítica dos xeitos de vida, creencias, sociedades e culturas distintas á propia, desde unha perspectiva bíblica e histórica.	20

Lenda: PE Proba Escrita, TI: Táboa de indicadores.

Contidos

Contidos
C4.1. - Orixes da Igrexa.
C4.2.3. - A obra misioneira de Pablo.
C4.3.4. - A extensión da igrexa e as epístolas de Pablo.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
5	Ser cristiá: un xeito de vida	6

Cráterios de avaliación

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1. - Identifica, analiza e resume os textos bíblicos clave que amosan que o ser humano foi creado á imaxe de Deus.	PE	Traballa en grupo unha análise xeral da realidade humana nos medios informativos relacionando cos temas estudados nesta unidade didáctica.	30
CA1.2. - Identificar e localiza nas pasaxes bíblicas, exemplos de condutas, actitudes e valores que reflicten o que significa ter unha relación persoal con Deus.	PE	Escoita e respeta as ideas dos outros.	40
CA1.3. Explica o amor de Deus pola humanidade e por cada individuo en particular, analizando as implicacións.	PE	Analiza algunha produción artística (plástica, literaria ou musical), elaborada por eles mesmos ou por outras persoas, identificando características que amosen orixinalidade e creatividade.	30

Lenda: PE Proba Escrita, TI: Táboa de indicadores.

Contidos

Contidos
C5.1. - O ser humano como creación de Deus.
C5.1. - A imaxe de Deus no ser humano.
C5.3. - A dignidade de tódalas persoas.
C5.3. - O valor da vida e o amor de Deus por tódala humanidade.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
6	Ética cristiá	5

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1.1. - Analizar a importancia da liberdade de conciencia y la responsabilidad en el marco bíblico y en el contexto social.	PE	Define a liberdade de conciencia, analizando a súa importancia persoal e social e a responsabilidade que temos asociada á liberdade.	
CA1.2. Entender a base bíblica da familia cristiana.	TI	Busca información, compara y analiza algunas familias de la Biblia y extrae conclusiones para su propia vida.	

Lenda: PE Proba Escrita, TI: Táboa de indicadores.

Contidos

Contidos
C6.1. - A liberdade de conciencia e a responsabilidade persoal.
C6.2. - O matrimonio e a familia cristiá.

4.1. Concrecións metodolóxicas

De acordo co concepto vixente de currículo, a definición de obxectivos, competencias clave, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis debe completarse coa referencia ás orientacións de metodoloxía didáctica, entendendo por tal o proceso polo que os anteriores chegan a alcanzarse.

Os principios metodolóxicos que se seguirán na nosa área veranse próximos á concepción constructivista verbo da educación. Algúns dos principios que consideramos básicos son os seguintes:

- Partir do nivel do alumno, das súas posibilidades de razoamento e aprendizaxe que as súas capacidades lle dan.
- Asegura-la construción de aprendizaxes significativos. Intentar construír, educativamente falando, sobre a base que o alumno xa ten.
- Posibilitar o aprendizaxe dos alumnos e alumnas por si mesmos, que o alumno ou alumna sexa capaz de aprender a aprender.
- Partir do máis concreto para chegar ó máis lonxano.
- Interactuar dunha maneira libre e o máis amizosa posible có mestre, de maneira que este sexa quen de dirixir á persoa ó aprendizaxe.

Para que todo isto se leve a bo termo; plantexaremos unha metodoloxía que requira en todo momento a participación activa do rapaz ou rapaza, tentando reducir as leccións maxistras nas diferentes Unidades Didácticas ó imprescindible utilizando a gamificación como recurso.

Tamén nos identificamos con teorías pedagóxicas emerxentes como é o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) que pon de manifesto que non hay categorías estacas de alumnado onde uns precisan adaptacións e outros non. Utilizaremos unha metodoloxía que valga para calquera alumno facilitando medios para cumprir os obxectivos que valgan para todos, é dicir, que sexan universais.

Deste xeito, o profesor convértese nun facilitador de experiencias ao alumnado nas que, ademais de suscitar os contidos e actitudes que se pretende ensinar, diseña situacións que poñen en contacto aos seus alumnos e alumnas con personaxes bíblicos e con situacións nas que poñer en práctica os principios do cristianismo evanxélico. Ten tamén unha función mediadora aportando no proceso de ensino e aprendizaxe os recursos e medios necesarios para a interpretación os feitos, ideas,

principios, datos ou valores, e constitúese en guía, aportando unha visión bíblica dos mesmos e modelos de aplicación práctica en situacións cotiás.

En canto ao alumado, pretéñese que sexa activo. Proporemos múltiples situacións coa procura de participación. É prioritaria a súa capacitación no coñecemento e o manexo da Biblia pois ha de remitirse a esta ao longo de todo a súa aprendizaxe como fonte básica para a comprensión do modo en que Deus se achegou ao ser humano. Esta capacitación para a investigación bíblica se complementarase co uso de fontes extrabíblicas, en ocasións coincidentes con outras materias que tamén estuda (literarias, históricas, documentais) como garantía da complementariedade do Ensino de Relixión Evanxélica co resto do currículo e a súa achega á formación integral.

Ter en conta a aprendizaxe nesta idade implica tomar en consideración os seus propios intereses e as súas características evolutivas á hora de suscitar distintas situacións de aprendizaxe. É por iso que seremos facilitadores dunha cada vez maior autonomía do alumnado e unha progresión dende o coñecemento inmediato cara a maiores cotas de abstracción. Potenciaremos tamén -á medida que se avanza na etapa- situacións cunha cada vez maior dose de confrontación e exercicio crítico. Todo isto levarase a cabo nun clima de liberdade de elección e convivencia plural.

O Ensino de Relixión Evanxélica suscítase simultaneamente como un espazo de aprendizaxe da convivencia, tanto nos grupos de idade que se constitúen para impartila, como no conxunto do centro e do grupo clase onde se convive con outros compañeiros e outras opcións. Para iso o docente planifica tarefas dinámicas de aprendizaxe con flexibilidade para adaptarse aos diferentes situacións persoais e/ou grupais.

Inclúiranse no proceso de ensino e aprendizaxe distintos materiais, impresos, dixitais ou doutro tipo, que se incorporan como medios para estimular o estudo da Biblia, moitos deles elaborados polo propio mestre.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Diversos libros de lectura dos que se extraerán pasaxes.
Biblia.
Fichas de contidos diversos.
Ordenador.
Pizarra.
Proxector.
Material funxible: Tixeiras, cartón de cores, pegamento, lápices de cores, folios...
Outros materiais didácticos.

5.1 Procedemento para a avaliación inicial

Durante o primeiro mes de curso procederase a unha avaliación inicial xeral para a que se poderán utilizar algúns destes instrumentos:

- Informes individualizados do curso anterior.
- Cuestionarios escritos iniciais.
- Cuestionarios orais breves ao comezo de cada clase.
- Exame superficial do traballo no caderno individual.
- Mediante gamificación.

Recolleranse datos sobre os seguintes indicadores:

- Capacidade de comprensión utilizando contidos vellos.
- Capacidade de memorización comprensiva e interiorización de contidos novos.
- Capacidade xeral de comunicación.

Todos estes datos compararanse cos recollidos polo resto do profesorado na sesión de avaliación inicial e pola xefatura do departamento de orientación. Discriminaranse entón que elementos do proceso de ensino-aprendizaxe están mediatizados polas actitudes e cales responden a situacións determinadas a respecto das áreas lingüística e socio-cultural de cada alumno/a.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos da materia:

	Relixión evanxélica								
Unidade didáctica	UD1	UD2	UD3	UD4	UD5	UD6	Total UA	Total Prog.	
Peso UD/ Tipo Ins.	17%	17%	17%	17%	16%	16%	100%	100%	
Estándar sen instrumento	0	0	0	0	0	0	0	0	
Proba escrita	50	0	50	50	100	50	50	50	
Táboa de indicadores	50	100	50	50	0	50	50	50	

Criterios de cualificación:

Reflectimos o **peso porcentual** de cada un dos elementos que conformarán a avaliación:

Traballo das distintas tarefas realizadas no aula: **40%**

Media probas escritas / táboa de indicadores: **60%**

O alumno deberá obter unha nota numérica de 5 sobre 10 para ter aprobada a materia.

Criterios de recuperación:

Recuperación durante o curso.

No caso de non superar unha avaliación, darase a posibilidade de recuperación da materia mediante a presentación dos traballos e/ou exames que se establezan.

Para traballar a autonomía do alumnado, este terá que preocuparse en poñerse en contacto co profesor para establecer os medios de recuperación durante o curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes

No caso que houberen alumnos coa materia pendente, elaborárase un plan de reforzo segundo o que establece o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 atención á diversidade.

Este plan será personalizado e consistirá nun traballo que irá facendo o alumno de xeito trimestral seguindo as indicacións do mestre.

Para traballar a autonomía do alumnado, este terá que preocuparse en poñerse en contacto co profesor para establecer os citados medios de recuperación durante o curso.

Este traballo avaliarase cunha nota establecida de 0 a 10 puntos, onde 0 será deficiente e 10 excelente.

6. Medidas de atención á diversidade

Un dos principais principios pedagóxicos da LOMLOE é o da atención á diversidade (Art.17.1). Tanto é así que os centros docentes elaboran propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e ponse especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecta calquera destas situacións.

Dende a nosa área, colaboraremos coa xefatura do departamento de orientación na detección das necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

As medidas de atención á diversidade (MAD) que establece a LOMLOE son:

- Adaptacións do currículo,
- A integración de materias en ámbitos,
- Os agrupamentos flexibles,
- Os desdobramentos de grupos,
- A exención da Segunda Lingua Estranxeira,
- A oferta de materias optativas,
- Os programas de reforzo.
- Medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

No caso da nosa área, poderemos adoptar de ser preciso as pertinentes adaptacións do currículo ou programas de reforzo para o alumnado que non sexa quen de adquirir os obxectivos mínimos.

En todo caso, para responder ás necesidades educativas concretas do alumnado tendo en conta as súas circunstancias e diferentes ritmos de aprendizaxe, seguiremos os principios do Deseño Univesal de Aprendizaxe (DUA) para todo o alumnado, pero en caso do alumnado con diversidade funcional que presente necesidades educativas especiais (ACNEE) ou o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) que non adquire os obxectivos, programaremos actividades especificamente dirixidas para eles para reforzar os contidos desenvolvidos na unidade ou tema traballado.

Dado que as características de esta materia determinan que os grupos que se conforman son moi reducidos, faremos un seguimento moi individualizado do alumnado respetando os ritmos de aprendizaxe de cada alumno ou alumna coa finalidade de que o alumnado por completo acade -canto menos- os obxectivos mínimos. No caso de non ser posible, coordinaremos coa xefatura do departamento de orientación as accións a levar a cabo.

Finalmente sinalamos que, de ter dispoñibilidade horaria, estaremos en disposición de ofrecernos ao centro para facer reforzo educativo e apoio tal e como establece o disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 8.2.g).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1. - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2. - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3. - Comunicación audiovisual		X				
ET.4. - Competencia dixital					X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X			
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X				
ET.7 - Educación emocional e en valores		X			X	X
ET.8 - Igualdade de xénero					X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde						X
ET.12 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable					X	
ET.13 - Respeto mútuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

No momento da elaboración desta programación non propoñemos ningunha actividade extraescolar e/ou complementaria, xa que non sabemos neste intre as actividades específicas referentes á nosa materia que se programarán na contorna que poden ser de interese para o proceso de ensino-aprendizaxe. De producirse algunha, faremos as xestións oportunas no seu momento para desenvolver a actividade dacordo coas instrucións do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Programación
Planificación de situacións de aprendizaxe
Avaliación

Descrición:

Se a **programación** axústase ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de relixión publicado a data de hoxe, se está adaptada ás características do centro e do grupo, se vencella este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa, se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

A **planificación de situacións de aprendizaxe** inclúe tódolos elementos formáis, planificouse a partires de criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica, se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias, se é axeitada aos criterios de avaliación, se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

Avaliación. Se reflexionei e avaliei a miña laboura docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe realizando as oportunas regulacións iniciais de proceso e finais tanto nas tarefas coma nos contidos e na metodoloxía. Se utilicei varias ferramentas de avaliación ao longo da tarefa, se tiven en conta os criterios de cualificación acordados e se estes criterios van refiridos non só a resultados de probas, senón ao logro de competencias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Dado que non teño acceso á aplicación PROENS, non poderei realizar o seguimento a traveso dela, pero como é o caso desta programación, tentarei seguir o esquema alí reflectido.

Como o departamento de relixión evanxélica é unipersoal, non teño que coordinarme con outros profesores e fareino ao remate de cada Unidade Didáctica completando os datos que aparecen na aplicación.

Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara a programación do seguinte curso académico no que agardamos ter xa acceso á aplicación.